



GUÍA DOCENTE DO TRABALLO FIN DE ESTUDOS

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: TRABALLO FIN DE ESTUDOS										
ESPECIALIDADE	pedagoxía								ITINERARIOS	Xeral e da linguaxe musical
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Pedagoxía
	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Observacións:	O alumno/a terá un titor/a asignado da especialidade, co que realizará as necesarias tutorías para o asesoramento no correspondente traballo
ECTS/CUAD.							10			

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Elaboración e defensa dun traballo de investigación relacionado coa especialidade e a súa aplicación, incidindo directamente no desenvolvemento profesional da Pedagogía da Linguaxe Musical. Elaboración dunha proposta didáctica que trate de desenvolver ámbitos da ensinanza da Linguaxe Musical nas ensanzas elementais e/ou profesionais de música, desenvolvendo materiais didácticos específicos para acadar obxectivos definidos
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Son coñecementos previos todos os abordados ao longo de todos os estudos conducentes á titulación na especialidade e itinerario correspondente. Requírese estar matriculado nos créditos da disciplina do traballo fin de estudos, así como o cumprimento dos prazos e normas establecidas no protocolo correspondente, aprobado polo centro. A presentación pública do TFE estará condicionada á superación de todas as disciplinas que integran o plan de estudos da súa especialidade.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Está relacionada co resto das disciplinas do grao
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	1, 2, 3, 4, 5, 6, 8, 13, 14, 15, 16
COMPETENCIAS XERAIS:	5, 8, 10, 13, 16, 18, 19, 25
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	1, 2, 5, 9, 10
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Elixir o tema do traballo de forma razoada e relacionada co presente ou futuro profesional.	Todas
Investigar o marco teórico actual en relación co tema de investigación, organizando, sintetizando e entresacando a información máis adecuada de forma crítica.	Todas
Propoñer una hipótese de traballo axustada e razoada	Todas
Xustificar a metodoloxía máis adecuada para o tratamento da hipótese, tendo en conta as tecnoloxías da información e da comunicación.	Todas
Presentar as conclusións de forma crítica e relacionalas con la aplicación ó contexto pedagóxico real da linguaxe musical.	Todas
Elaborar una aportación pedagóxica adecuada, realista, creativa e persoal, que se derive das conclusións	Todas



4. CONTIDOS.

Dependerán do proxecto elixido. Deberá estar relacionado coa especialidade e a súa aplicación, incidindo directamente no desenvolvemento profesional da Pedagogía da Linguaxe. O traballo incluírá unha proposta didáctica que trate de desenvolver ámbitos do ensino da linguaxe musical nas ensinanzas elementais e/ou profesionais da música, desenvolvendo materiais didácticos específicos para acadar obxectivos definidos.

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Traballo individual	Non presencial	Permanente
Titorías	Presencial	Durante o curso
Actividades de avaliación	Presencial	Ao fin do curso

6. AVALIACIÓN

O alumnado disporá de dúas convocatorias, unha ordinaria ao remate do curso académico e outra extraordinaria.

O alumnado deberá consultar os calendarios e protocolo sobre TFE en cada centro, así como a orde do 21 de novembro de 2016.